

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 17, 1-9

Naquel tempo, levou Xesús consigo a Pedro, a Santiago e a Xoán seu irmán, e subiu con eles sós a un monte alto.

Alí transfigurouse diante deles; o seu rostro resplandecía coma o sol; e os seus vestidos viraron brancos coma a luz.

Nisto aparecéuselles Moisés e tamén Elías, que estaban falando con el.

Pedro colleu a palabra e díxolle a Xesús:

– «¡Señor, que bo sería ficarmos aquí! ¿Queres que faga aquí tres tendas, unha para ti, outra para Moisés e outra para Elías».

Aínda el estaba falando, cando apareceu unha nube luminosa que os cubriu; e oíuse unha voz que dende a nube dicía:

– «Este é o meu Fillo benquerido, o que me complace: escoitádeo».

O escoitaren isto, os discípulos caeron debruzados, cheos de temor. Xesús, achegándose, tocounos e díxolles:

– «¡Erguédevos, non teñades medo!»

Levantando os ollos, non viron a ninguén fóra de Xesús.

Cando baixaban do monte, Xesús encargoulles:

– «Non lle faledes desta visión a ninguén, ata que o Fillo do Home resucite de entre os mortos».